




# Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Burela

## Informes Sectoriais e Consultas do PXOM Burela



Setembro 2013



## INFORMES SECTORIAIS E CONSULTAS DO PXOM BURELA

Setembro 2013

<b>INFORMES SECTORIAIS E CONSULTAS DO PXOM BURELA.....</b>	<b>1</b>
<b>1. ANTECEDENTES .....</b>	<b>3</b>
<b>2. RELACIÓN DE INFORMES E CONSULTAS SOLICITADOS E RECIBIDOS.....</b>	<b>3</b>
<b>3. TOMA EN CONSIDERACIÓN DOS INFORMES E CONSULTAS .....</b>	<b>8</b>

## 1. ANTECEDENTES

Se redacta o presente documento co fin de realizar informe sobre a toma de consideración dos informes sectoriais recibidos con posterioridade a a aprobación inicial do PXOM do Concello de Burela.

## 2. RELACIÓN DE INFORMES E CONSULTAS SOLICITADOS E RECIBIDOS

ID	ORGANISMO-SERVIZO	REXISTRO SAIDA	DATA SAIDA	REXISTRO ENTRADA	DATA ENTRADA	CONTIDO
<b>1</b>	<b>Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas</b> Dirección Xeral de Conservación da Natureza	<b>1555</b>	20/03/2012	-	-	-
<b>2</b>	<b>Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas</b> Instituto Galego de Vivenda e Solo	<b>1554</b>	20/03/2012	-	06/05/2013	Positivo
<b>3</b>	<b>Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas</b> Augas de Galicia	<b>1553</b>	20/03/2012	<b>2655</b>	09/05/2012	Favorable
<b>4</b>	<b>Consellería de Facenda</b> Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio	<b>1552</b>	20/03/2012	-	-	-
<b>5</b>	<b>Deputación de Lugo</b> Vías e Obras	<b>1551</b>	20/03/2012	<b>4357</b>	06/08/2012	Favorable condicionado
<b>6</b>	<b>Consellería de Economía e Industria</b> Dirección Xeral de Industria Enerxía e Minas	<b>1550</b>	20/03/2012	-	-	-
<b>7</b>	<b>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</b> Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	<b>1549</b>	20/03/2012	<b>5679</b>	18/10/2012	Desfavorable
			08/04/2013	<b>2258</b>	03/05/2013	Condicionado
			30/08/2013		30/08/2013	Favorable condicionado
<b>8</b>	<b>Consellería do Medio Rural e do Mar</b> Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes	<b>1548</b>	20/03/2012	<b>1955</b>	18/04/2012	Positivo
<b>9</b>	<b>Consellería do Medio Rural e do Mar</b> Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	<b>1547</b>	20/03/2012	<b>3024</b>	28/05/2012	Positivo
<b>10</b>	<b>Consellería do Medio Rural e do Mar</b> Secretaría Xeral do Mar					

ID	ORGANISMO-SERVIZO	REXISTRO SAIDA	DATA SAIDA	REXISTRO ENTRADA	DATA ENTRADA	CONTIDO
		1546	20/03/2012	3640	27/06/2012	Positivo
<b>11</b>	<b>Consellería do Medio Rural e do Mar</b> Portos de Galicia					
		1545	20/03/2012	2894	21/05/2012	Desfavorable
				1886	15/04/2013	Favorable
<b>12</b>	<b>Ministerio de Defensa</b> Dirección General de Infraestructuras					
		1544	20/03/2012	1927	17/04/2012	Positivo
<b>13</b>	<b>Ministerio de Hacienda y las Administraciones Públicas</b> Delegación del Gobierno en Galicia					
		1543	20/03/2012	-	-	-
<b>14</b>	<b>Ministerio de Hacienda y las Administraciones Públicas</b> Delegación Hacienda en Lugo					
		1542	20/03/2012	1129	12/03/2012	Positivo
<b>15</b>	<b>Ministerio de Industria, Energía y Turismo</b> Dirección General de Telecomunicaciones y Tecnologías de la Información					
		1541	20/03/2012	3026	28/05/2012	Positivo
<b>16</b>	<b>Ministerio de Educación, Cultura y Deportes</b> Dirección General de Bellas Artes y Bienes Culturales y de Archivos y Bibliotecas					
		1540	20/02/2012	2273	02/05/2012	Positivo
<b>17</b>	<b>Ministerio de Fomento</b> Dirección General de Carreteras					
		1539	20/03/2012	589	30/01/2013	Favorable
<b>18</b>	<b>Ministerio de Fomento</b> Dirección General de Ferrocarriles					
		1538	20/03/2012	1825	13/04/2012	Positivo
<b>19</b>	<b>Ministerio de Fomento</b> Dirección General de Aviación Civil					
		1537	20/03/2012	3027	28/05/2012	Positivo
<b>20</b>	<b>Ministerio de Fomento</b> Dirección General de la Marina Mercante					
		1536	20/03/2012	-	-	-
<b>21</b>	<b>Ministerio de Fomento</b> Dirección General de Transporte Terrestre					
		1535	20/03/2012	1897	16/04/2012	Positivo
<b>22</b>	<b>Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente</b> Secretaría de Estado de Medio Ambiente					
		1534	20/03/2012	-	-	-
<b>23</b>	<b>Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente</b> Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar.					

ID	ORGANISMO-SERVIZO	REXISTRO SAIDA	DATA SAIDA	REXISTRO ENTRADA	DATA ENTRADA	CONTIDO
		1533	20/03/2012	3066	30/05/2012	Favorable condicionado
24	Compañía ferroviaria FEVE					
		1532	20/03/2012	2388	04/05/2012	Positivo
25	Suministro energético EON					
		1530	20/03/2012	-	-	-
26	Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas Dirección Xeral de Mobilidade					
		1443	09/03/2012	-	-	-
27	Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Comisión Urbanismo					
		1445	09/03/2012	1444	26/03/2012	Positivo
28	Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Informe Costas					
		1444	09/03/2012	3700	02/07/2012	Positivo condicionado
29	Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe					
		1446	09/03/2012	-	-	-
30	Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental					
		1447	09/03/2012	2812	15/05/2012	Negativo
31	Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas Axencia Galega de Infraestruturas					
		1448	09/03/2012	23452	02/08/2012	Favorable
32	Concello de Foz Concello					
		1449	09/03/2012	-	-	-
33	Concello de Cervo Concello					
		1450	09/03/2012	-	-	-
34	Público Federación ecoloxista galega.					
		1640	22/03/2012	-	-	-
35	Público Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia.					
		1641	22/03/2012	2660	09/05/2012	Alegación
36	Público Unións agrarias					

ID	ORGANISMO-SERVIZO	REXISTRO SAIDA	DATA SAIDA	REXISTRO ENTRADA	DATA ENTRADA	CONTIDO
		1642	22/03/2012	-	-	-
37	<b>Público</b> Xóvenes agricultores					
		1643	22/03/2012	-	-	-
38	<b>Público</b> Sindicato labrego galego					
		1644	22/03/2012	-	-	-
39	<b>Público</b> Federación galega de confrarías de pescadores.					
		1645	22/03/2012	-	-	-
40	<b>Público</b> Asociación ecoloxista Verdegaia.					
		1646	22/03/2012	-	-	-
41	<b>Público</b> Asociación ecoloxista Amigos da Terra.					
		1647	22/03/2012	-	-	-
42	<b>Público</b> Cámara Mineira de Galicia.					
		1648	22/03/2012	2568	10/05/2012	Alegación
43	<b>Público</b> Asociación Forestal de Galicia.					
		1649	22/03/2012	-	-	-
44	<b>Público</b> Asociación Ecoloxista da Mariña de Lugo					
		1758	27/03/2012	-	-	-
45	<b>Público</b> Asociación Galicia non se vende.					
		-	-	-	-	-
46	<b>Consellería de Sanidade</b> Servizo Galego de Saude					
		-	-	2807	15/05/2012	Positivo



No apartado seguinte se recolle a toma en consideración dos informes dentro do PXOM e, en consecuencia procede solicitar de novo os seguintes informes antes da aprobación definitiva.

**ID ORGANISMO-SERVIZO**

---

**5 Deputación Provincial de Lugo**

Vías e Obras

**23 Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente**

Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar.

**27 Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas**

Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Comisión Urbanismo

**28 Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas**

Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Informe Costas

**30 Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas**

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental


MANUEL EDUARDO LÓPEZ VÁZQUEZ

Arquitecto



MANUEL ANGEL LÓPEZ REAL

Arquitecto Técnico-Enxeñeiro de Edificación



### 3. TOMA EN CONSIDERACIÓN DOS INFORMES E CONSULTAS

## Contenido

02. Instituto Galego de Vivenda e Solo .....	4
Informe .....	4
Corrección.....	4
03. Augas de Galicia .....	5
Informe .....	5
Correccións .....	6
05. Deputación Provincial.....	7
Informe .....	7
Correccións .....	10
07. Dirección Xeral de Patrimonio.....	11
Informe .....	11
Correccións .....	12
07.b. Dirección Xeral de Patrimonio .....	19
Informe .....	19
Correccións .....	19
08. Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes .....	21
Informe .....	21
Correccións .....	21
09. Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.....	22
Informe .....	22
Correccións .....	22
10. Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro .....	23
Informe .....	23
Correccións .....	23
11. Portos de Galicia .....	24
Informe .....	24
Correccións .....	25
11.b. Portos de Galicia .....	26
Informe .....	26
Correccións .....	26
12. Ministerio de Defensa .....	27
Informe .....	27
Corrección.....	27
14. Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.....	28
Informe .....	28
Corrección.....	28
15. Ministerio de Industria, Energía y Turismo .....	29
Informe .....	29
Corrección.....	29
16. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.....	30
Informe .....	30

Corrección.....	30
17. Ministerio de Fomento. Dirección General de Estradas.....	31
Informe .....	31
Corrección.....	31
18. Ministerio de Fomento. Dirección General de Ferrocarriles.....	32
Informe .....	32
Corrección.....	32
18. Ministerio de Fomento. Dirección General de Aviación Civil.....	33
Informe .....	33
Corrección.....	33
21. Ministerio de Fomento. Dirección General de Transporte terrestre.....	34
Informe .....	34
Corrección.....	34
23. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar.....	35
Informe .....	35
Corrección.....	35
24. FEVE .....	36
Informe .....	36
Corrección.....	36
27. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo .....	37
Informe .....	37
Corrección.....	37
28. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo .....	38
Informe .....	38
Corrección.....	38
30. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.....	39
Informe .....	39
Corrección.....	43
31. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Axencia Galega de Infraestruturas .....	44
Informe .....	44
Corrección.....	44
35. Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia. ADEGA .....	45
Informe .....	45
Corrección.....	45
42. Cámara Mineira de Galicia .....	46
Informe .....	46
Corrección.....	46
45. Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde. SERGAS.....	47
Informe .....	47
Corrección.....	47



## **02. Instituto Galego de Vivenda e Solo**

### Informe

Non procede a emisión do informe segundo a disposición derogatoria única da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia

### Corrección

En consecuencia non procede introducir modificacións motivadas polo presente informe

### 03. Augas de Galicia

#### Informe

Informe sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Burela (Lugo)

Con data 22 de marzo de 2012 recibíuse escrito do Concello de Burela solicitando informe sectorial da administración hidráulica sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal, que foi aprobado inicialmente polo Pleno con data 1 de marzo de 2012. Xuntábase a documentación en formato dixital. Logo de examinada, cómpre facer as seguintes consideracións:

- En relación ó abastecemento de auga potable, o Plan Hidrolóxico Galicia Costa (PHGC) establece unha poboación de 10.560 habitantes, cunha dotación de 270 l/hab.día. Prevese unha poboación no ano 2.023 de 13.761 habitantes.

Na actualidade completáronse as actuacións previstas no Plan de Augas, concluíndose no PXOM que tanto os depósitos como a ETAP teñen suficiente capacidade e non precisan ampliación.

- Con respecto ás infraestruturas de saneamento, acometéronse mellaras na rede de saneamento para a renovación e ampliación da rede en núcleos afastados da zona urbana.

A rede de saneamento é unitaria, o que abriga a instalar vertedoiros de entrada que deriven cara ó curso de auga máis próximo o exceso de caudal que chega á estación depuradora como consecuencia do exceso de auga de chuvía.

As augas recollidas a través da rede de saneamento son tratadas na EDAR sita na Rúa do Berbés, que está deseñada para unha carga de 14.700 habitantes equivalentes. Despois de tratadas na EDAR as augas vértense ó mar. Convén resaltar que a zona de vertido do concello de Burela está catalogada como zona menos sensible, é dicir, que se considera que o vertido non ten efectos negativos sobre o medio debido á morfoloxía, hidroloxía e ás condicións hidráulicas da zona.

Actualmente o 98% da poboación dispón de rede de saneamento e en breve prazo acometeranse as obras previstas para dar cobertura á totalidade da poboación. A xestión do servizo municipal de augas establécese a través dunha concesión.

A diagnose que se fai no PXOM é que a EDAR precisará dunha ampliación.

- No concello existen tres correntes fluviais principais, o río Pomedas ó oeste do concello, o río Pasadiñas no centro e o río Perdouro ó Leste, xunto o Hospital da Costa. O río Pasadiñas está soterrado ó seu paso polo casco urbano de Burela, desembocando no porto, e os outros dous ríos desembocan naturalmente.

A rede hidrográfica do concello ten dúas partes claramente diferenciadas, separadas pola estrada nacional N- 642. Ó norte da estrada, a escorrenta está marcada pola presenza do casco urbano de Burela, que interrompe e disgrega a escorrenta natural debido á rede de drenaxe de pluviais. Ó sur da estrada a escorrenta natural está interrompida pola presenza da propia estrada, xa que as súas ODT e as cunetas distorsionan as concas drenantes. A N-642 posúe oito obras de drenaxe transversal principais e dous cruces de pequeno diámetro nos enlaces do hospital da costa e do límite co concello de Foz.

-Nin no PHGC vixente nin na súa revisión aparece ningunha referencia ós ríos do concello de Burela. No PXOM inclúese como anexo un estudio de asolagamento do concello, feito para determinar cuestións referentes á drenaxe das augas de escorrenta, en especial nas zonas de asolagamento dos ríos Pomedas e Perdouro. Dentro deste estudo analizarase a posibilidade de efectuar unha redistribución das augas de escorrenta do concello para evitar a sobrecarga da rede urbana de pluviais, defmindo as concas que se poden derivar ós leitos naturais dos devanditos ríos.

Baseándose nese estudo de inundabilidade propónse que as correntes de auga, dada a súa escasa entidade, segundo o artigo 32.2.d da LOUG, poden incorporarse no sistema de espazos libres nos solos urbanizables SURB-01 e SURB-04.

As zonas de protección de augas que delimita o presente plan xeral esténdese, como mínimo, segundo indica o texto, á zona de policía defmida pola lexislación de augas, agás aquelas zonas onde non existen riscos de inundación ou pola escasa entidade do curso, aínda que non se concreta a redución, considerando esta administración hidráulica que sería admisible limitar a franxa de protección a 25 m. No resto do solo rústico a protección do solo de augas aplicase en réxime de superposición co resto das categorías de protección.

- É evidente que cando a LOUG define o solo rústico de protección de augas non se pode estender a solo que non sexa rústico. Isto non implica que os restantes tipos de solo queden fóra da regulación e servidumes establecidas na lexislación hidráulica. Esta lexislación

sectorial -establece as zonas de servidume e de policía para tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación.

- Propóñense dous encauzamentos parciais dos ríos Pomedas e Perdouro. O encauzamento do río Pomedas realizaríase na zona comprendida entre a vía do FEVE e a antiga N-642, co obxectivo de permitir o desenvolvemento das actuacións urbanísticas proxectadas na zona. Trátase de realizar unha canle mantendo o fondo en terra e realizando as marxes con mampostería. Cómpre establecer como prescrición que non se formigonen os paramentos, deixando ocos que permitan a naturalización das ribeiras.

A segunda proposta é a canalización dos dous brazos do río Perdouro, co obxectivo de permitir o recheo parcial da conca nas proximidades da variante da N-642, para poder comunicar a zona do Hospital coa nova área de desenvolvemento urbanístico situada ó leste. Proponse prolongar os tubos de 1800 mm, xa que están moi sobredimensionados dende o punto de vista hidráulico, e non presentan en principio problemas de desaugue.

- Reflictese que na elaboración do PXOM tivéronse en conta as determinacións das directrices de ordenación do territorio. A tal efecto inclúese na memoria descritiva apartado comprensivo.

- Convén lembrar que o informe favorable deste planeamento por Augas de Galicia implicará a non obrigatoriedade e autorización previa deste organismo unicamente para as construcións en zona de policía de leitos, segundo o establecido no artigo 78 do RDPH, sempre que se recollan as prescricións indicadas nos parágrafos precedentes. Calquera outro tipo de autorización ou concesión das contempladas na lexislación hidráulica tramitárase de acordo co establecido no citado Regulamento.

En consecuencia, e de acordo co exposto, infórmase favorablemente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Burela, condicionando este informe á comprobación de que as observacións feitas quedan recollidas na documentación definitiva.

### Correccións

En consecuencia as modificacións non substanciais que se deben introducir son as seguintes

Abastecemento.

Non precisa de correccións.

Saneamento:

Se recolle na normativa na rede de saneamento unitaria a obriga a instalar vertedoiros de entrada que deriven cara ó curso de auga máis próximo o exceso de caudal que chega á estación depuradora como consecuencia do exceso de auga de chuvia.

Correntes de auga incorporadas no sistema de espazos libres.

As correntes de auga incorporadas coma espazos libres nos solos urbanizables se recolle na normativa o recordatorio da aplicación das zonas de servidume e de policía para tódolos leitos públicos e toda a súa lonxitude.

Encauzamento parcial río Pomedas.

Se establece como prescrición que non se formigonen os paramentos, deixando ocos que permitan a naturalización das ribeiras.

Encauzamento parcial río Perdouro

Non precisa de correccións.



## 05.Deputación Provincial

### Informe

#### Pola área de Infraestruturas e Obras sinalase que:

"Examinada a documentación remitida en formato dixital.PDF, obsérvase:

No apartado 8.1. Rede viaria da Memoria Informativa así como no apartado 5.1. sistemas xerais de comunicación da Memoria descriptiva e xustificativa menciónase a existencia de dúas estradas provinciais que discorren polo termo municipal de Burela, aínda que non se recolle a súa denominación, existen erras en canto á súa lonxitude e non consta o seu reflexo en Planos do documento remitido, aspectos que se considera necesario corrixir no PXOM, a cuxos efectos achégase como Anexo ao presente Informe a Relación de vías provinciais co seu trazado reflectido en Plano E. 1:20.000.

Polo tanto propónse a corrección dos mencionados apartados do PXOM, debendo sinalar que actualmente se veñen denominando ás estradas provinciais co indicativo xeral "LU-P-" seguido do código da vía composto por catro cifras.

#### Resumo de criterios xerais para as estradas provinciais

Por todo o que antecede se consideran xustificadas as seguintes determinacións de carácter xeral para os tramos de vías provinciais nas distintas clases de solo:

En solo rústico, urbanizable e de expansión de núcleo rural, a liña límite de edificación se situará con carácter xeral a 7,- m da aresta exterior da explanación medidos horizontal e perpendicularmente ao eixe da vía, resultando como mínimo a 11,- m do eixe da estrada nas vías provinciais tradicionais, e a 13,- m do eixe da estrada nas vías provinciais ensanchadas, e en todo caso fóra da súa zona de servidume conforme ao artigo 35.5 da lei 411994.

En solo de núcleo rural e urbano non consolidado, a liña límite de edificación situarase con carácter xeral como mínimo á distancia de 8,- m. do eixe da vía medidos horizontal e perpendicularmente ao mesmo, e en todo caso fóra da zona de dominio público.

En solo urbano consolidado, a liña límite de edificación se situará con carácter xeral como mínimo a 5,- m do eixe, e en todo caso fóra da zona de dominio público.

Todos os tramos de vías provinciais que resulten comprendidos en solo clasificado como urbanizable, urbano e de núcleo rural deberán figurar, ademais de grafados nos Planos, nunha relación incluída na "Separata de estradas provinciais no PXOM" na que figure: a vía provincial afectada; o nome do núcleo rural; a situación do tramo clasificado referida ao p.k. e hectómetro da vía; así como a referencia do número do Plano de Ordenación correspondente, que contará con referencia a coordenadas UTM, e no que se reflecta a escala non inferior a 1:1.000 o tramo e as súas marxes dereita e esquerda coa amplitude correspondente ao semiancho desde o eixe da vía ata a liña límite de edificación.

Nos tramos que se proxecten con semianchos de liña límite de edificación ao eixe inferiores a 11,- m en solo de área de expansión de núcleo rural ou urbanizable; a menos de 8,- m. no caso de solo de núcleo rural ou urbano non consolidado; e a menos de 5,- m. no caso de solo urbano consolidado, se indicará tamén a referencia da ficha ande se inclúa a xustificación individual e obxectivada redución de anchura de aliñacións proxectada baseada no seu carácter de "travesía" conforme ao criterio recollido no artigo 52.3 da Lei 4/1994 de estradas de Galicia ou doutro posible criterio legal xustificativo, e con indicación do seu carácter excepcional de tramo urbano, de núcleo rural ou travesía aos efectos do disposto nos artigos 35; 52 e 53 da Lei 4/1994 de estradas de Galicia.

## ANÁLISE DO DOCUMENTO PRESENTADO

Examinada a documentación remitida en formato dixital .PDF no que atinxe ás vías provinciais LU-P-1502 "De Burela por Vilaestrofe a Ferreira" e LU-P-1510 "De San Cibrao por A Marosa a Burela" dedúcese que o PXOM non clasifica solo de núcleos rurais, senón solo urbano, urbanizable e rústico.

Na LU-P-1510 se clasifica o treito coincidente coa Rúa do Porte/o, que corresponde ao tramo de vía comprendido entre o seu pk 9,170 (intersección coa Rúa do Cabaliño e Avda. da Marosa) e o seu pk 9,300 (final, na súa intersección coa Avda. da Mariña), como solo urbano por ambas marxes da vía e coas aliñacións consolidadas pala edificación e as beirarrúas existentes grafadas nos Planos de ordenación, e se clasifica como solo rústico o resto da vía ata o limite ca municipio de Cervo, todo o cal se informa favorablemente por este Servizo.

Na LU-P-1502 se clasifica o tramo comprendido entre o pk 0,000 (orixe) e pk 1,300 (Cuartel da Carda Civil) como solo urbano por ambas marxes da vía e coas aliñacións consolidadas po/a edificación e as beirarrúas existentes grafadas nos Planos de ordenación, o que se informa favorablemente por este Servizo.

Tamén se clasifican como solo urbano nesta vía dous tramos discontinuos situados na marxe dereita da vía e lindantes con ela, comprendidos entre os pk 1,480-1,560 e 1,660-1,720, deducíndose da documentación gráfica que a aliñación de edificación faise coincidente coa aliñación da vía provincial o que non se considera xustificado ao tratarse so tratarse de solo urbano nunha sola marxe e non contar con edificación consolidada, polo que se informan desfavorablemente ditos tramos aos efectos da liña de edificación.

No tramo comprendido entre pk 2,320-2,520 se clasifica solo urbanizable na marxe dereita da vía e a unha distancia da mesma que non figura acotada no Plano 02.16, polo que se informa desfavorablemente dilo tramo aos efectos da liña de edificación.

## CONCLUSIÓN

Por todo o exposto anteriormente, e dadas as omisións sobre a rede viaria provincial que se aprecian nos apartados mencionados da Memoria, Normativa e Planos, así como a fixación nos Planos de Ordenación de aliñacións ou liñas límite de edificación que non son acordes aos criterios expostos no apartado 3 deste Informe, se considera necesaria a corrección do documento remitido do PXOM no senso de:

1. Establecer correctamente a relación de estradas pertencentes á Rede Viaria Provincial e incluír un Plano E. 1:25.000 ou superior de situación destas, con indicación no mesmo dos códigos das vías provinciais e da situación dos tramos de solo de núcleos rurais, urbanizable e urbano afectados.

2. Recoller nun apartado específico da Memoria Descritiva e Xustificativa do PXOM referente ao sistema xeral de comunicación da Rede Viaria Provincial unha relación individualizada de todos aqueles tramos de vías provinciais que discorran por solo clasificado como solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural, na que se inclúa: o código e a denominación da vía provincial afectada; o nome do núcleo rural ou distrito urbano ou sector urbanizable; a situación do tramo clasificado referido ao p.k. da vía con aproximación hectómetros; así como a reseña do número do Plano de Ordenación correspondente, o cal deberá contar con referencias ás coordenadas UTM, e no que se reflicta a escala non inferior a 1:1.000 o tramo e as súas marxes dereita e esquerda coa amplitude acotada correspondente ao semiancho dende o eixe da vía ata a liña límite de edificación proposta por cada marxe da vía. Poderanse excluír de tal necesidade de acotación de anchos de aliñación os tramos de solo urbano a cuxa definición gráfica no Plano de ordenación correspondente se teña manifestado a conformidade expresa no presente Informe.

3. Nos casos en que se propuxera unha aliñación de vía ou liña límite de edificación que non respecte os criterios e postos neste Informe, completárase a Relación anterior coa referencia á ficha correspondente onde se inclúa a xustificación individual e obxectiva da redución de anchura proxectada, con indicación do seu carácter de "tramo urbano, núcleo rural ou travesía" conforme ao disposto nos artigos 35; 52 e 53 da Lei 411994 de estradas de Galicia.

4. Establecer nas Normas Urbanísticas, nos apartados correspondentes ao sistema viario e ás clases de solo afectadas, a referencia á Relación dos tramos correspondentes mencionados nos anteriores apartados 2 e 3 e áfixación da liña límite de edificación.

5. Todos os epígrafes e Planos aos que se refiren os apartados anteriores, ademais da súa inclusión no documento do PXOM que se presente en formato dixital, deberán ser remitidos en formato dixital PDF e en soporte papel con carácter de "Separata da Rede Viaria Provincial no PXOM" para a emisión por esta Deputación do correspondente informe sectorial.

Polo Xefe do Servizo de Urbanismo e Coordinación informase o seguinte:

O Servizo de Vías e Obras emite informe no que considera necesaria a corrección de varios aspectos do documento:

- 1.- Establecer correctamente a relación de estradas pertencentes a rede viario provincial.
- 2.- Formular unha relación dos núcleos rurais que resulten afectados polo trazado das vías provinciais e grafiar distintos aspectos relacionados cas estradas.
- 3.- Formular unha relación dos tramos de vías provinciais que discorran por solo urbano grafiando distintos aspectos relacionadas con elas.
- 4.- Xustificar individualmente cada caso en que o semiancho de liña de edificación ou peche establecido sexa inferior a 6,00 m. en solo urbano consolidado, e a 8,00 m. en solo urbano non consolidado, urbanizable ou de núcleo rural.

Por outro lado o Plan deberá ter en conta, dende os primeiros momentos da súa redacción, os Convenios de Colaboración asinados entre o Concello, a Deputación Provincial e a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, para a construción de dúas Areas Industriais, nas zonas de Cardoce e de Perdouro, incluíndo dende as primeiras etapas da redacción do mesmo, a documentación elaborada po/a Sociedade Urbanística e remitida a ese Concello para a súa tramitación, e tendo en conta especialmente as previsións necesarias para atender as obrigas do Concello en cato os distintos subministras. "

## Correccións

En consecuencia as modificacións non substanciais que se deben introducir son as seguintes

Corrección da Identificación de estradas, LU-P-1510 e LU-P-1502, erros de lonxitude e código de identificación

apartado 8.1. Rede viaria da Memoria Informativa

apartado 5.1. sistemas xerais de comunicación da Memoria descriptiva e xustificativa

Estrada LU-P-1510.

Grafar a liña límite de edificación a 13 m do eixe no solo rústico.

Estrada LU-P-1502.

Corrixir a delimitación do solo urbano entre os pk 1,480/1,560 e 1,660/1,720, mantendo a liña límite de edificación a 13 m. do eixe.

Corrixir a delimitación do solo urbanizable entre os pk 2,320/2,520, mantendo a liña límite de edificación a 13 m. do eixe.

Grafar a liña límite de edificación a 13 m do eixe no solo rústico.

Convenios:

O plan ten en conta os Convenios de Colaboración asinados entre o Concello, a Deputación Provincial e a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, para a construción de dúas Areas Industriais, nas zonas de Cardoce e de Perdouro, tendo en conta especialmente as previsións necesarias para atender as obrigas do Concello en canto os distintos subministros. Se ten en conta as adaptacións a normativa vixente surxida dende os convenios, modificacións da lei do dolo, aprobación das DOT e do Pol e do trazado da corredor San Cibrao-Barreiros, así coma demais normativas e informes sectoriais.

Documentos a corrixir:

1. Plano E. 1:25.000 ou superior de situación destas, con indicación no mesmo:
  - a. códigos das vías provinciais
  - b. situación dos tramos de solo urbanizable e urbano afectados.
2. Memoria Descriptiva e Xustificativa do PXOM referente ao sistema xeral de comunicación da Rede Viaria Provincial unha relación individualizada de todos aqueles tramos de vías provinciais que discorran por solo clasificado como solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural, na que se inclúa:
  - a. código e a denominación da vía provincial afectada;
  - b. nome do núcleo rural ou distrito urbano ou sector urbanizable;
  - c. situación do tramo clasificado referido ao p.k. da vía con aproximación hectómetros;
  - d. reseña do número do Plano de Ordenación correspondente,
    - i. coordenadas UTM,
    - ii. escala non inferior a 1:1.000
    - iii. tramo e as súas marxes dereita e esquerda coa amplitude
    - iv. acotada correspondente ao semiancho dende o eixe da vía ata a liña límite de edificación proposta por cada marxe da vía.
  - e. Nos casos en que se propuxera unha aliñación de vía ou liña límite de edificación que non respecte os criterios e postos neste Informe, completárase a Relación anterior:
    - i. referencia á ficha correspondente onde se inclúa
    - ii. xustificación individual e obxectiva da redución de anchura proxectada, con
    - iii. indicación do seu carácter de "tramo urbano, núcleo rural ou travesía" conforme ao disposto nos artigos 35; 52 e 53 da Lei 411994 de estradas de Galicia.
3. Normas Urbanísticas, nos apartados correspondentes ao sistema viario e ás clases de solo afectadas, a referencia á Relación dos tramos correspondentes mencionados nos anteriores apartados 2 e 3 e á fixación da liña límite de edificación.
4. "Separata da Rede Viaria Provincial no PXOM", recollendo os epígrafes e Planos aos que se refiren os apartados anteriores, deberán ser remitidos en formato dixital PDF e en soporte papel con carácter de para a emisión por esta Deputación do correspondente informe sectorial.

## 07. Dirección Xeral de Patrimonio

### Informe

Con data de 1 de marzo de 2012 se aprobou inicialmente o PXOM de Burela, recollendo no catálogo a proposta elaborada pola Consellería de Patrimonio Cultural de 26 de maio de 2009. Posteriormente se puxo a exposición pública e se solicitou informe a Consellería de Cultura conforme o artigo 85 da LOUG e o artigo 32 da lei 8/1995.

Durante o período de exposición pública se recibiron un total de 80 alegacións con relación aos elementos incluídos no catálogo do PXOM aprobado inicialmente.

Tres alegacións son referidas ao patrimonio arqueolóxico solicitando a clasificación coma solo urbano do ámbito do castro situado en solo rústico de especial protección de patrimonio e dúas referidas a unha maior protección do patrimonio arqueolóxico.

Se reciben un total de 75 alegacións do patrimonio arquitectónico de casas, solicitando a súa exclusión do inventario.

Fora do prazo sinalado no artigo 85.1 (non hai prazo fixado no artigo 32 da lei 8/1995) se recibe informe de patrimonio emitido con data de 11 de outubro de 2012. A Dirección Xeral de Patrimonio no seu informe ratifica a inclusión no catálogo dos elementos indicados con anterioridade (26 de maio de 2009) e a maiores solicita a inclusión de tres elementos novos no patrimonio arquitectónico, dúas casa e un faro e os topónimos referidos ao patrimonio arqueolóxico.

Vistas as alegacións presentadas se dicta providencia de alcaldía co requirimento de que se elaboren informes polos servizos técnicos municipais e informe proposta polo equipo redactor o fin de establecer unha proposta por parte do Concello de elementos a incluír no catálogo.

En novembro de 2012 se redactan sendos informes polo equipo redactor e servizos técnicos municipais coa nova proposta de catalogación, sendo aprobada en pleno de 29 de novembro de 2012. Así coma resolución das 80 alegacións referidas ao patrimonio sendo aceptadas a meirande parte en base a proposta de nova catalogación realizada no devandito pleno de 29 de novembro de 2012, sendo excluídas do catálogo 30 das casas da proposta inicial da Consellería de Cultura por considerar que non son merecedoras de protección.

Se recibe na consellería de Cultura a proposta o 30 de xaneiro de 2013, emitindo con data de 22 de marzo requirimento de aporte de documentación complementaria aoproposto do catálogo, así como contestación ao informe de 11 de outubro de 2012.

## Correccións

En consecuencia as modificacións non substanciais que se deben introducir son as seguintes

De acordo coas reunións mantidas cos servizos da Dirección Xeral de Patrimonio, vistos os criterios indicados por esta Dirección Xeral de Patrimonio e unha vez analizada a documentación aportada, se chega a seguinte proposta de catálogo.

TIPOLOXÍA	NUMERO	CODIGO	NOMBRE	PROTECCION
<b>ARQUEOLOXICO</b>				
Asentamento - Castro	101	GA27920001	Castro de Cabo Burela	Integral
	102	GA27920002	Castro de Chao de Castro	Integral
	104	GA27920004	Castro de Castrelo	Integral
Asentamento - Vila	103	GA27920003	O Campón	Integral
	105	GA27920005	Vila do Medio	Integral
Petroglifo	106	GA27903006	Petroglifo do Cabo Burela	Integral
<b>ARQUITECTONICO</b>				
Arq.civil - Casa	302	40018086	Casa na rúa Eijo Garay (1)	Estrutural
	306	40018097	Casa na rúa Eijo Garay (7)	Estrutural
	307	40018098	Casa na avenida de Arcadio Pardiñas (1)	Ambiental
	308	40018099	Casa na avenida de Arcadio Pardiñas (2)	Ambiental
	309	40018100	Casa na avenida de Arcadio Pardiñas (3)	Ambiental
	310	40018101	Casa na avenida de Arcadio Pardiñas (4)	Ambiental
	311	40018102	Casa na avenida de Arcadio Pardiñas (5)	Ambiental
	313	40018104	Casa na avenida de Arcadio Pardiñas (7)	Ambiental
	314	40018105	Casa en avenida de Arcadio Pardiñas (8)	Ambiental
	315	40018106	Casa en avenida de Arcadio Pardiñas (9)	Ambiental
	316	40018107	Casa en avenida de Arcadio Pardiñas (10)	Ambiental
	317	40018090	Casa na rúa Suafonte (1) en Suafonte	Ambiental
	318	40018091	Casa na rúa de Venta (1) en Suafonte	Ambiental
	319	40018092	Casa na rúa de Venta (2) en Suafonte	Ambiental
	320	40018093	Casa na rúa de Venta (3) en Suafonte	Ambiental

TIPOLOXÍA	NUMERO	CODIGO	NOMBRE	PROTECCION
	323	40018083	Casa en avenida de Arcadio Pardiñas (12)	Ambiental
	333	-	Casa na rúa das Flores	Ambiental
	334	-	Casa en rúa das Flores	Ambiental
	335	-	Casa en rúa das Flores	Ambiental
	336	-	Casa na rúa das Flores	Ambiental
Arq.civil - Casa Rectoral	338	40018077	Casa Reitoral en Burela (antiga)	Ambiental
Arq.civil - Escudo - Estatuas	413	40018082	Escudo na casa da torre en Burela do cabo	Integral
Arq.civil - Nave	340	40018095	Fábrica de cerámica - Gres Burela-	Estrutural
Arq.civil - Pazo	339	40018069	Pazo de Vilar	Estrutural
Arq.relixiosa - Igrexa	200	2674	Igrexa Parroquial de Santa María	Integral
Arq.civil - Dotación	346		Antiga Escola Unitaria	Ambiental
Arq.civil - Faro	347		Faro de Pena Burela	Integral
Arq.relixiosa - Igrexa	200	2674	Igrexa Parroquial de Santa María	Integral
	201	180	Igrexa de Santa María (exparroquial)	Integral
CONXUNTOS HISTORICOS				
Conxunto Urbano	300	40018085	Vivendas sociais na Avenida da Mariña	Ambiental
	341	400180089	Antiguas instalacións portuarias	Ambiental
	342	40018074	Conxunto e edificacións en Vila do Medio - Burela	Ambiental
	343	40018072	Conxunto de edificacións en Vilar - Burela	Ambiental
	344	40018079	Conxunto de edificacións en Burela do Cabo - Burela	Ambiental
	345	-	Conxunto de edificacións en Burela do Cabo e rúa Pascual Veiga	Ambiental
ETNOGRAFICO				
Cons.popular - Auxiliar	424	40018076	Pozo en Vila do Medio	Estrutural
Cons.popular - Fonte-Lavadoiro	414	40018080	Fonte do souto en Burela do Cabo	Estrutural
	422	40018075	Fonte en Vila do Medio	Estrutural
	423	40018071	Fonte dos Canos en Vilar	Estrutural
Cons.popular - Hórreo	400	40018070	Hórreo na rúa Eijo Garay	Integral
	402	40018070	Hórreo na Vila do Medio (Camiño das Laxes)	Integral

TIPOLOXÍA	NUMERO	CODIGO	NOMBRE	PROTECCION
	403	40018070	Hórreo na Vila do Medio (Rúa Vila do Medio)	Integral
	405	40018070	Hórreo na Vila do Medio (Vila do Medio)	Integral
	406	40018070	Hórreo na Vila do Medio (Camiño das Laxes)	Integral
	407	40018070	Hórreo na Vila do Medio (Rúa da Fonte)	Integral
	408	40018070	Hórreo do Vilar (Rúa do Vilar)	Integral
	409	40018070	Hórreo do Vilar (C. Campo do Choio)	Integral
	410	40018070	Hórreo do Vilar (C. Campo do Choio)	Integral
	411	40018070	Hórreo do vilar (rúa vilar)	Integral
	416	40018070	Hórreo de Burela do Cabo (rúa Pascual Veiga)	Integral
	417	40018070	Hórreo de Burela do Cabo	Integral
	418	40018070	Hórreo de Burela do Cabo	Integral
	419	40018070	Hórreo de Burela co Cabo	Integral
	420	40018070	Hórreo de Burela do Cabo	Integral
Cons.popular - Lavadoiro	415	40018081	Lavadoiro en Burela do Cabo	Estrutural
Cons.popular - Via Crucis	401	40018078	Viacrucis no muro do adro da igrexa do Carme	Integral



## 1. DOS BENS A PROTEXER

### 1.1. Bens de Interese Cultural (BIC)

Os hórreos inventariados se estima unha antigüidade superior aos 100 anos.

O escudo se atopa catalogado polas normas subsidiarias provinciais.

Se recolle o petroglifo dentro dos BIC xenéricos.

### 1.2. No referente ao catálogo

#### 1.2.1. No referente aos elementos incluídos

O catálogo proposto se corresponde coa proposta aprobada no pleno de 29 de novembro de 2012 e remitido a consellería de Cultura para o seu preceptivo informe.

Para a elaboración do catálogo do PXOM de Burela e determinación das normas de protección arqueolóxica realizouse unha prospección arqueolóxica extensiva co obxecto da localización e delimitación dos xacementos arqueolóxicos catalogados do Concello de Burela polo Arqueólogo Iván Álvarez Meraio, remitíndose a memoria técnica a Consellería de Cultura dando cumprimento o artigo 9º do capítulo III do Decreto 199/1997, de 10 de xullo. Os traballos se realizaron o abeiro do proxecto de intervención presentado con data de 24 de abril de 2009 na Consellería de Cultura co código de identificación CD 102A 2009/354-O

O Topónimo do Monte Castelo (T027902001) se corresponde coa área do monte Castelo onde non se atopou elementos de arqueoloxía.

O Topónimo do Vilar (T027902002), se corresponde co asentamento tradicional de O Vilar onde non se atopou elementos de arqueoloxía.

#### 1.2.2.No referente ao contido das fichas

Se melloran os planos para adaptar a súa escala sobre a cartografía base dos planos de ordenación cun grafismo claro que permita a identificación clara do ben e dos seus ámbitos de protección.

A delimitación dos bens está formada polos propios bens e os elementos sobre os que sen eles quedaría descontextualizado, así coma a súa parcela.

O contorno de protección da igrexa parroquial de Santa María, nº 200, se amplía recollendo a escena urbana da que forma parte, as fachadas das edificacións existentes as que fai fronte nas partes este e sur.

O contorno de protección do conxunto catalogado nº 342 e a Igrexa de Vila do Medio, nº 201 se corrixe o seu grafismo para evitar confusión.

Se substitúe o campo da ficha denominado "folla" por "plano de ordenación"

Se elimina o campo de altitude

Se elimina o campo de inventario

Se indica o sistema de referencia, UTM ED50, huso 29.

Se substitúen as fotografías dos elementos nº 325, 328, 329 e 339.

Se completan as fichas e fotografías dos conxuntos nº 342,343, 344, 345.

En consecuencia esta Dirección General considera que deben tenerse en cuenta y subsanarse las deficiencias señaladas en los apartados 1, 6 y 7 del presente escrito. El expediente corregido, completo, diligenciado y previamente a su aprobación definitiva, se remitirá de nuevo a esta Dirección General, a través del Servicio Provincial de Costas en Lugo, para la emisión del informe de acuerdo con lo dispuesto en los artículos 112.a) y 117.2 de la Ley 22/88 de Costas."

1. El municipio de Burela cuenta con los expedientes de deslinde siguientes:

- DL-35-LU (O.M. 28-10-1996), entre la playa de Cubeles y O Cantiño.
- DL-46-LU (O.M. 18-06-1999), desde O Cantiño hasta el final de la playa de Areoura.
- DL-14-LU (O.M. 10-02-1992). playa de Areoura.

En los Planos se dibuja de forma sensiblemente correcta la ribera del mar, la línea de deslinde del dominio público marítimo-terrestre, y aquella otra que delimita la zona sobre la que recae la servidumbre de protección. No obstante lo anterior, se observa que en las inmediaciones del puerto, en la zona de la Rúa de Berbés, no se dibuja la línea que delimita la zona sobre la que recae la servidumbre de protección, por lo que deberá recogerse en los Planos con arreglo a los datos que, previa petición, facilitará el Servicio Provincial de Costas en Lugo.

En cuanto al área de suelo urbano de O Cantiña, entre Punta Cabroeiro y Ensenada de Arca, cabe señalar lo ya indicado en los informes emitidos por este Centro Directivo el 21-08-2001 y el 4-10-2010:

"Es de hacer notar que en el subsuelo de esta misma zona urbana existen grutas marinas deslindadas como dominio público marítimo-terrestre, sin perjuicio de que los terrenos situados sobre ellas sean de titularidad privada y urbanísticamente edificables. Ya se ha hecho advertencia al Ayuntamiento de Burela en anteriores ocasiones de esta circunstancia, y se reitera en el presente escrito, por cuanto pudieran darse determinados riesgos para el normal aprovechamiento en superficie de estas zonas horadadas y ocupadas por las aguas del mar".

Estas consideraciones deberán tenerse en cuenta en la documentación. Todo ello con independencia de considerar que, ante cualquier desajuste en la representación de las líneas de ribera del mar, deslinde y servidumbre, prevalecerán los datos de los planos de deslinde sobre los reflejados en el planeamiento, tal como se señala en el apartado 4 del artículo 225 de las Normas Urbanísticas.

6. Si bien se indica en el artículo 226 de las Normas Urbanísticas que las instalaciones de la red de saneamiento deberán cumplir las condiciones señaladas en el artículo 44.6 de la Ley de Costas y concordantes de su Reglamento, en los Planos se observa que en la zona del puerto se plantea una nueva red de saneamiento y una nueva EDAR, que se localizan en terrenos de dominio público marítimo-terrestre, incumpliendo lo especificado en la Normativa Urbanística y lo dispuesto en el artículo 44.6 de la Ley de Costas, aspecto a subsanar.

7. Determinados elementos del catálogo se localizan en terrenos de dominio público marítimo-terrestre o se encuentran afectados por la zona de servidumbre de protección, por lo que, en cualquier caso, deberá tenerse en cuenta que las edificaciones e instalaciones estarán sujetas a lo establecido en la Disposición Transitoria Cuarta de la Ley de Costas, independientemente del régimen de protección que se establezca en el catálogo, y así se indicará expresamente en sus correspondientes fichas

### Corrección

En consecuencia las modificaciones no substanciales que se deben introducir son las siguientes

Se recolle nos planos a identificación das grutas mariñas.

Se elimina o trazado de colectores e depuradora na zona do porto.

Se recolle nos elementos catalogados en DPMT que están Suxeito a Disposición Transitoria Cuarta da Lei de Costas

## **24. FEVE**

### Informe

FEVE como Entidad Pública estima oportuno presentar aquellas consideraciones que estime adecuadas en defensa de la legalidad en general y de los intereses de nuestro ferrocarril en particular, y en tal sentido hemos de señalar que;

### Corrección

En consecuencia as modificacións non substancias que se deben introducir son as seguintes

Se corrixe o apartado de normativa de aplicación na memoria.

## **27. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**

### Informe

O 20/03/2012 entrou no rexistro desta consellería escrito do Concello de Burela, acompañado copia de certificado de aprobación inicial e dun CD, no que se solicita informe ao Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en relación con Plan xeral de ordenación municipal de Burela (PXOM) aprobado inicialmente, de acordo co establecido no artigo 85.3 do lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG). por tratarse dunha Administración Pública afectada, segundo o documento de referencia emitido pola Secretaría Xeral de Calidade e Avoliación Ambiental.

Non obstante compróbase que en dito documento de referencia de 16/09/2010 non figura esta Secretaría Xeral nin a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia como Administración Pública afectada.

Lémbaselle que, no caso de que o PXOM de Burela requira para a súa aprobación do informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, de acordo co establecido na LOUG. o informe deberá *ser* solicitado tras aprobación provisional do documento.

Visto o antedito, procédese ó devolución da documentación remitido polo Concello de Burela.

### Corrección

En consecuencia non procede introducir modificacións motivadas polo presente informe.

## 28. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

### Informe

#### A. DESLINDE DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

A.1 . O dominio público marítimo terrestre no termo municipal de Burela atópase deslindado polos OO.MM. de 18/06/1999 [desde o final da Praia de Areoura ata o Cantiña) e de 28/0/1996 [entre O Cantiña e a Praia das Cubelas) .

A.2. Represéntense o DPMT e a ribeira do mar, así como a súa servidume de protección, nos planos de ordenación. Tocante á súa correcta representación, estarme ao informe da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar [Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente).

#### B. NORMAS URBANÍSTICAS

##### B.1. Sistemas Xerals (Título VII)

B.1 .1 . Incorpórase un novo capítulo relativo ao Sistema Xeral de Costas (cap. IV) no que cabe facer a seguinte precisión:

- As limitacións de usos impostas polo normativa costeira no DPMT e nas súas zonas de servidume, resultan de aplicación en todo caso, con independencia da clase de solo, polo que é incorrecto reducir esta limitación ao solo urbano e o solo de núcleo rural. como fai o ortiga 225.

B.1.2. Incorpórase igualmente un capítulo relativo ao Sistema Xeral Portuario [cap. V) no que a normativa de Portos debe entenderse referida á normativa vixente en materia de portos. Neste momento. o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante. aprobado polo R OL2/201 1, do S de setembro.

#### C. PLANOS

C.1. Superponse unha nova trama relativa ó área de protección costeira, no contexto do POL de Galicia. Mais esta modificación, non soluciona a obxección formulada no informe desta Secretaría Xeral de 4/02/2011 no seu punto C.1 . ao respecto da clasificación do solo rústico de especial protección de costas de acordo co artigo 32.2.e) da LOUG. Polo que deberán establecer unha trama combinada ou. cando menos, introducir as siglas SRPC xunto coas de SRPP.

C.2. Existen ámbitos de solo urbanizable SURB-002, SURB-003 e SURB-0101 que inciden nos primeiros 200 m dende o límite interior da ribeira do mar, polo que. de acordo co artigo 32.2.e) da LOUG. correspóndelles a clasificación de solo rústico de protección de costas. Noutro caso, deberán ser remitidos ó Comisión Superior de Urbanismo de Galicia para que se pronuncie sobre a posibilidade de reducir a franxa de protección ata dos 200 aos 100m.

C.3. Os ámbitos SURB-002. SURB-003, SURB-DIOI e SURB-R04 resultan total ou parcialmente abranguidos na zona de influencia. A este respecto a Memoria inclúe un apartado 8.4.8. "xustificación do cumprimento do artigo 30 e 58 da Lei e o Regulamento de Costas", cun cadro de edificabilidades, no que se detectan incongruencias entre datos, polo que non queda adecuadamente acreditado o cumprimento dos artigos sinalados da normativa costeira.

C.4. En relación cos espazos portuarios. non consta no plan acreditación da correspondencia do límite do SX portuario coa zona de servizo do porto. Neste sentido, considérase oportuno que o Ente Público Portos de Galicia informe sobre o particular.

#### D. REDE DE SANEAMENTO

D.1. Canto á infraestrutura de saneamento no punto 5.2.1 . da Memoria, dedúcese a necesidade de ampliar a EDAR existente. sen concretar sobre novas actuacións na rede de saneamento. Nese sentido. calquera actuación que sexo formulada deberá de estar ó disposto no artigo 44.6 da Lei 22/1988, de Costas e 95 do seu Regulamento.

### Corrección

En consecuencia as modificacións non substancias que se deben introducir son as seguintes  
Se corrixe o artigo 224 (agora 225).

Se corrixe o artigo 225 (agora 226).

Se corrixe nos planos a referencia do SRPC e SRPP

Se revisa o cumprimento dos solos urbanizable aos artigos 30 e 58 do regulamento de costas.

Se revisa o perímetro da zona portuaria con Portos.

Se elimina o trazado dos colectores e implantación da EDAR.



## 30. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

### Informe

#### a. Estrutura

En xeral, a estrutura exposta no ISA axústase á definida no apartado 7 do DR. O ISA inclúe a maiores o apartado 1, no que se expoñen unhas consideracións introdutorias á Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE). as fases do procedemento da tramitación do PXOM do Concello e un resumo da estrutura que compón o ISA

Detectouse un salto na numeración dos apartados, pasando do punto 4 (Definición de obxectivos) ao 6 (Análise de alternativas).

#### b. Contido

##### En relación á determinación do ámbito de influencia do planeamento.

Constitúe o epígrafe 2 do ISA. Identifica tres ámbitos de influencia en función da variable de sustentabilidade analizada. En canto a ordenación, o ámbito viré delimitado polos propios límites do Concello; a nivel da ecoloxía da paisaxe traballarase a unha escala maior, por último, para analizar os aspectos socioeconómico o ámbito de traballo será supramunicipal (Concellos de Cervo, Xove e todos os que conforman a Comarca da Mariña Central).

##### En relación á análise obxectiva da contorna.

O contido deste epígrafe desenvólvese no apartado 3 do ISA. Informa dos elementos físicos e naturais do medio, das características socioeconómicas e das infraestruturas e equipamentos; identifica os elementos estratéxicos do territorio e os plans e programas relacionados co Plan.

No tocante aos hábitats presentes no Concello, detectouse un erro en canto ao código UE asignado ao hábitat prioritario "Breixeiros húmidas atlánticas de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*". O código correcto é o 4020, fronte ao 4030 asignado no ISA e que se corresponde con "Breixeiros secas europeas". Este hábitat está tamén presente no Concello, pero non aparece citado no documento. Por outra banda os hábitats identificados carecen de representación cartográfica.

No punto 3.9 determinanse os usos do solo que existen na actualidade no Concello, o ISA identifica

7 clases de usos de solo: agropecuario, repoboado, mixto, ribeira, frondosas, matogueira e improdutivo. Para a consulta da súa representación cartográfica é preciso acudir ao plano 5.8 do PXOM, onde chama a atención a non delimitación de algúns usos (repoboado, mixto, ribeira) ou a inclusión do uso "Minas". Por outra banda, a similitude das tramas do plano para algúns usos dificulta a súa interpretación.

En canto ao catálogo de especies fauna ameazada, no apartado 3.10.2. apórtase unha táboa coas especies presentes, con indicación da categoría de protección establecida para cada unha delas, tanto normativa internacional (Bonn, Berna e CITES), europea (Directiva 79/409/CEE, de 2 de abril de 1979 e Directiva Hábitats 92/43/CEE, de 21 de maio), estatal (Real decreto 439/1990, do 30 de marzo) como autonómica (Decreto 88/2007, do 19 de abril).

Parte da normativa empregada atópase actualmente derogada (Directiva 79/409/CEE, de 2 de abril de 1979 e Real decreto 439/1990, do 30 de marzo). Por outra banda, detectouse a carencia de varias especies protexidas con presenza no ámbito e recollidas en fontes oficiais (SITEB, Consellería do Medio Rural). Para a elaboración do catálogo de fauna deberá empregarse normativa vixente, así como terse en conta o Decreto 167/2011, do 4 de agosto, que modifica e actualiza o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007, do 19 de abril).

No estudo da paisaxe, desenvolvido no apartado 3.14., delimitase unha única unidade paisaxística para todo o Concello sobre a que se analiza a calidade visual e a fragilidade. Analizar a paisaxe dun xeito tan global non é axeitada, non permite identificar aquelas zonas con maiores calidades para a súa conservación (mais fráxiles), así como aquelas con maior capacidade de resistencia a posibles cambios de uso (menos fráxiles). A pesar da pequena extensión do Concello, este conta cunha boa diversidade de espazos con características paisaxísticas suficientemente diferenciadas como para ser analizados individualmente. O propio documento, no punto 3.14.2.1, atendendo á orografía, identifica

4 unidades morfolóxicas (costa, ladeiras escarpadas, abas de montaña e chairas). Neste sentido, o Plan de Ordenación do Litoral (POL), aprobado definitivamente polo Decreto 20/2011, identifica no Concello un espazo de interese paisaxístico -Monte Castelo- e dúas unidades de paisaxe: vertentes de pendente moderada (Cabo Burela) e vertentes acantiladas de perfil composto (Burela). O estudo da paisaxe deberá contar cun estudo de intervisibilidade que

permita identificar aqueJas zonas máis visibles dende puntos estratéxicos do territorio (estradas, núcleos urbanos, áreas recreativas...).

O ISA, no apartado 3.15, analiza correctamente os riscos naturais potenciais no Concello (asolagamento, movementos de ladeira, arxilas expansivas e subsidencia mineira), pero pola contra non aporta un mapa de riscos naturais, preceptivo conforme o artigo 15.2 do *Real Decreto Lexislativo 212008, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo*, que permita a súa correcta identificación e valoración da súa integración no Plan.

Sobre os plans e programas con interacción co Plan -apartado 3.22-, a información é incompleta, xa que non se identifican todos os plans e programas de rango superior que poidan afectar ao planeamento, así como a lexislación aplicable a nivel comunitario, estatal, autonómico ou local, que poida afectar á proposta de planeamento e a súa contorna. Neste senso, debe xustificarse a adecuación da proposta de ordenación respecto o planeamento existente nos concellos limítrofes, analizando especialmente a súa compatibilidade, continuidade e conexión.

O Plan non inclúe a zonificación acústica do municipio, polo que se deberá aportar dita cartografía da acordo co establecido no *Real Decreto 136712007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas*. En canto aos novas desenvolvementos, o documento non conta cunha estimación do aumento do tráfico rodado, asociado ao aumento da poboación e á actividade industrial, que podería afectar á calidade acústica dos núcleos máis próximos.

#### En relación á definición de obxectivos

Expón unha serie de obxectivos xerais de acordo á Lei 912002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

No apartado 4.2. recolle os obxectivos específicos das variables ambientais, que se corresponden cos criterios de sustentabilidade establecidos no DR.

En relación á análise das alternativas

O documento describe (apartado 6) tres alternativas de planeamento. A alternativa 0 ou de non desenvolvemento do Plan xeral, que levaría asociada a imposibilidade de solucionar as deficiencias estruturais presentes no Concello. A alternativa "1" é caracterizada como unha alternativa real de ordenación, que toma como base o planeamento vixente. A alternativa "2", sería menos restritiva e creativa que a alternativa 1 e non tomarla como base o planeamento actual.

Realízase a avaliación das tres alternativas ("0", "1" e "2") mediante unha matriz na que se valora numericamente de cero a cinco a integración de cada alternativa sobre os criterios de sustentabilidade, resultando a alternativa "2" a mellor valorada. No sistema proposto non se xustifican os valores acadados por cada alternativa.

En canto á xustificación da selección da alternativa proposta como planeamento, esta limitase a indicar que a alternativa seleccionada é a "2" e a xustificar a necesidade de planeamento fronte a alternativa "0", indicando as limitacións do actual planeamento.

A análise de alternativas realizada carece do nivel suficiente como para considerala válida. Haberá de mellorarse o sistema de valoracións, explicando o procedemento seguido e xustificando o valor asignado a cada variable para cada unha das alternativas estudadas.

En relación á identificación e caracterización dos efectos sobre o medio

Este punto, desenvolvido no apartado 7, realiza unha valoración dos efectos do planeamento, tanto positivos como negativos. Para acadalo, identifica unha serie de efectos, que o documento cualifica como estratéxicos, que confronta coas variables de sustentabilidade descritas no DR. Os efectos identificados son as actuacións propostas no Plan: o solo urbano, os solos urbanizables, o solo rústico de especial protección do patrimonio, o solo rústico de especial protección de costas, o solo rústico de especial protección de augas, o solo rústico de especial protección agropecuario e o solo rústico de especial protección forestal.

Os resultados desta confrontación amósanse a xeito de cadro no que para cada posible combinación efecto-variable se lle asigna un valor de cero a dez. O cadro conta cunha última columna coa valoración numérica global de cada variable, acadando unha valoración global de 8, e cualificada como moi positiva.

A proposta de asimilar as actuacións do Plan a efectos non se considera correcta. Se ben é certo que a partir das actuacións ou do plano de ordenación do Plan se pode realizar a identificación dos efectos sobre o medio, as actuacións non poden considerarse, por si soas, efectos. Así pois, a súa identificación poderá realizarse, por exemplo, superpoñendo o plano de ordenación e accións do plan sobre un mapa de capacidade de acollida (elaborado a partir da análise da contorna), ou ben entre un mapa que conteña as unidades ambientais e o mapa

de clasificación do solo prevista polo PXOM. Oeste xeito poderase comprobar se as unidades ambientais máis valiosas son respectadas. Así, un solo urbanizable deberá coincidir coas zonas de menor interese para a conservación, e pola contra as zonas de maior valor ambiental deberán cadrar cos solos rústicos de protección.

En canto ás valoracións realizadas, non se explica o procedemento seguido nin se xustifican os valores asignados. A afirmación de que a valoración global dos efectos é moi positiva contradí o recollido no apartado 8 (Deseño de medidas), no que se sinala que a aplicación do PXOM producirá "algún efecto negativo ou moi negativo sobre as variables do medio". Así pois, deberá clarexarse esta discrepancia e explicar a metodoloxía empregada, así como xustificar razoadamente as valoracións acadadas. Poderanse empregar técnicas propias da avaliación de impactos ambientais, analizando diversos parámetros (intensidade, ámbito, persistencia...) e ponderándoos para obter un valor cuantitativo que permita clasificar os efectos globais como compatibles, moderados, severos ou críticos.

Por outra banda, aínda que no documento se menciona que se indicará o signo positivo ou negativo, isto non queda reflectido na táboa aportada, unicamente se indica que a valoración global de todos os efectos é moi positiva. De acordo co recollido no anexo 1 da *Lei 912006, de 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente*, analizaranse non só os efectos positivos e negativos, se non tamén os secundarios, acumulativos, sinéxicos, a curto, medio e longo prazo, permanentes e temporais.

#### *En relación ao deseño de medidas*

No apartado 8, o ISA establece unha serie de medidas encamiñadas a prever ou potenciar aqueles efectos que a aplicación do PXOM terá sobre as variables do medio.

Divide o planeamento en tres fases (Planeamento e proxecto, urbanización e explotación), e para cada unha delas identifica as posibles incidencias sobre o medio. A continuación presenta unhas fichas de medidas xerais a aplicar en función do medio (variable) afectado. Análzanse as seguintes variables: atmosfera, contaminación acústica, xeoloxía, solos, ciclo hídrico, natureza, paisaxe, medio urbano e rural, economía, patrimonio e ciclo de materiais.

Moitas das medidas propostas son pouco concretas, repítanse en varias variables e en moitos casos non se corresponden coa súa variable.

O punto 8.3. establece unha serie de medidas particulares no tocante ao consumo hídrico, o ciclo dos materiais, o consumo enerxético e a mobilidade e conectividade.

Lémbrese que as medidas se proporán tendo en consideración a natureza dos efectos ambientais da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade e os aspectos clave, serán específicas do Plan e deberán ser integradas no planeamento mediante a súa incorporación na normativa a modo de ordenanzas destinadas á protección do medio.

#### *En relación ao plan de seguimento*

O plan de seguimento, descrito no apartado 9, incorpora a maioría dos indicadores que figuran no DR, pero detectouse a carencia de algún deles. A exclusión destes indicadores deberá de ser xustificada ou, do contrario, ser incorporados.

O modelo proposto axústase ao requirido polo DR. A periodicidade da realización dos informes de seguimento deberá ser anual fronte á emisión bianual durante os catro primeiros anos e cada catro anos en adiante, que establece o ISA.

#### *En relación ao informe sobre a viabilidade económica da alternativa seleccionada*

No ISA sinalase que, de acordo co artigo 60 da *Lei 912002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* (LOUG), o PXOM contén unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, indicando o tipo de financiamento (pública ou privada).

O estudo económico da alternativa elixida desenvólvese no documento correspondente do PXOM, pero o ISA non conta con esta información. En calquera caso o ISA deberá conter un informe sobre a viabilidade económica de todas as alternativas proposta e non só da elixida.

Inclúese unha valoración dos custos do plan de seguimento, que se estiman en 600 euros ao ano. Por contra non se realiza a valoración económica das medidas preventivas e correctoras, nin da vixilancia ambiental proposta para minimizar os efectos ambientais negativos estimados.

#### *En relación á análise de coherencia*

No apartado 11 do ISA analízase a coherencia externa e interna do Plan. A análise da coherencia externa realízase a través da Análise da compatibilidade estratéxica (ACE) proposta nas DOT, avalíase o grao de compatibilidade entre o Plan e as DOT. O modelo proposto é correcto, pero deberá avaliarse tamén a compatibilidade entre o Plan e o POL.

En canto á coherencia interna, apórtase unha táboa na que se relacionan os obxectivos específicos do Plan coas propostas para acadalos, pero a coherencia entre eles non é

analizada. Deberá analizarse a coherencia, por unha banda, entre a alternativa seleccionada e os obxectivos establecidos, e por outra, entre estes obxectivos e a diagnose de partida. Esta análise servirá para coñecer en que medida o Plan define os obxectivos e prioridades de carácter ambiental e se estes son coherentes co diagnóstico realizado.

En relación ao resumo non técnico

O resumo non técnico elaborado no apartado 12 é incompleto xa que non recolle todos os epígrafes que compoñen o ISA. Bótanse en falta os apartados de "Definición de obxectivos", "Deseño de medidas", "Plan de seguimento", "Viabilidade económica" e "Análise de coherencia".

#### 4. CONSIDERACIÓNS AMBIENTAIS

A proposta de ordenación exposta no ISA presenta diferenzas en relación á alternativa proposta o DI. As diferenzas céntranse no tocante á proposta de solos urbanizables, estas son:

- SURB02: ampliouse, incorporando terras cualificadas como solo urbano non consolidado. Pásase a denominar como SURB-R02.

- SURB03: elimínase por afectar a solo rústico especialmente protexido.

- SURB05: ampliouse, incorporando terras clasificadas no DI como solo rústico de especial protección de augas (SURB-D03) e como solo urbano (SURB-D02). Subdividiuse ademais nos sectores: SURB-D-101 e SURB-101.

- SURB06: modificouse, reducindo a súa extensión, pasando parte da superficie a solo rústico de especial protección de infraestruturas.

- Delimitación de dous novos sectores: SURB-R03 e SURB-D01.

En vista destas modificacións realízanse as seguintes consideracións ambientais:

- Os SURB-D03 e o SURB-101 son atravesados por cursos de auga. Polo SURB-D03 discorren o Río Arca e o Rego de Gangas, polo SURB-101 o Río Arca. As súas zonas de protección deberán de clasificarse como solo rústico de especial protección de augas ou xustificar que queda debidamente integrada no sistema de espazos libres públicos.

- O SURB-R04, tal e como se recolle na memoria do PXOM, é atravesado polo Rego de Pumbeda, que o POL identifica como corredor ecolóxico ademais de ocupar unha zona de mellara ambiental e paisaxística, polo que deberán considerarse as regulacións recollidas nel para o seu desenvolvemento.

#### 5. SÍNTESIS

Sen prexuízo da análise en detalle que se levará a cabo na preceptiva Memoria ambiental (MA), considérase que o ISA do PXOM do Concello de Burela non se axusta plenamente ao establecido no DR emitido, polo que deberá adecuarse e completarse coas observacións realizadas neste informe, as cales se xustificarán e integrarán dentro do ISA realizado para aprobación inicial ou mediante a realización dun anexo a este.

Finalmente cómpre salientar, que en virtude do disposto no artigo 13 da Lei 9/2006, a proposta de PXOM que finalmente se aprobe con carácter definitivo deberá ter en conta, ademais das consideracións realizadas no presente informe, as alegacións e informes recibidos durante o período de participación e consultas do PXOM aprobado inicialmente e as determinacións da MA que emita este órgano ambiental.

## Corrección

En consecuencia as modificacións non substanciais que se deben introducir son as seguintes:

Se adapta o ISA as especificacións do informe a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

No documento de aprobación inicial do PXOM se integrarán as consideracións realizadas no presente informe, as alegacións e informes recibidos durante o período de participación e consultas do PXOM aprobado inicialmente e as determinacións da MA que emita este órgano ambiental.

### **Estrutura:**

Se corrixe a estrutura e numeración do ISA

### **Contido:**

#### Ámbito de influencia:

Se definen tres ámbitos, municipal, comarcal e supramunicipal. A ordenación se estuda en ámbito municipal, o aspecto socioeconómico en ámbito supramunicipal e a paisaxe en ámbito comarcal.

#### Análise obxectiva da contorna:

Se corrixe o erro nos hábitats.

Se revisan os usos e se corríxen os erros cartográficos.

Se revisa e se completa a documentación relativa a fauna e a súa lexislación.

Se revisa e completa o estudo da paisaxe tendo en conta o POL.

Se elabora o mapa de riscos naturais.

Se completa a información e análise sobre os plans e programas con interacción co PXOM.

Se elabora a zonificación acústica e cartografía do Concello.

#### Definición de obxectivos:

Se completa e revisa o apartado de obxectivos.

#### Análise de alternativas:

Se profundiza e mellora o análise de alternativas, así como o sistema de valoracións.

#### Caracterización dos efectos sobre o medio:

Se reelabora o apartado de identificación de impactos sobre o medio, así coma a súa valoración de acordo coas variables e aspectos clave.

#### Deseño de medidas:

SE reelabora o apartado de deseño de medidas tendo en conta a natureza dos efectos ambientais da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade e os aspectos clave.

#### Plan de seguimento:

Se completa o cadro dos indicadores de seguimento e se modifica a periodicidade dos informes.

#### Informe sobre viabilidade económica:

Se completa a documentación do estudo sobre a viabilidade económica.

#### Análise de coherencia:

Se completa o análise de coherencia externa e interna. Se realiza o estudo de compatibilidade estratéxica co Pol ademais das DOT.

#### Resumo non técnico:

Se completa o resumo non técnico.

### **Consideracións ambientais:**

As correntes de augas quedan integradas no SURB-D03 e SURB-I01 , de acordo co artigo 32.2.d da LOUG e conta co informe favorable do organismo de cunca, Augas de Galicia.

Igualmente ocorre no SURB-R04, onde ademais do curso de auga se integra o corredor ecolóxico estudado o seu ámbito no PXOM.

## **31. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Axencia Galega de Infraestruturas**

### Informe

O presente informe emítese o amparo do indicado nos artigos 85 e 86 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas posteriores modificacións, así como no artigo 15 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, e demais lexislación relacionada, senda os datos básicos do documento presentado os seguintes:

Documento: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE BURELA Promotor: CONCELLO DE BURELA

Redactor: Otea, planes y proyectos.

Analizada a documentación do PXOM aportada, púidose comprobar a correcta inclusión da futura estrada de acceso ó porto de Burela.

En base a isto procede informar favorablemente o documento presentado

### Corrección

En consecuencia non procede introducir modificacións motivadas polo presente informe

## 35. Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia. ADEGA

### Informe

ALEGACIONES DE ADEGA AL PXOM.

SE considera que procede a estimación das alegacións polos seguintes motivos:

Para a elaboración do catálogo do PXOM de Burela e determinación das normas de protección arqueolóxica realizouse unha prospección arqueolóxica extensiva co obxecto da localización e delimitación dos xacementos arqueolóxicos catalogados do Concello de Burela polo Arqueólogo Iván Álvarez Meraio, remitíndose a memoria técnica a Consellería de Cultura dando cumprimento o artigo 9º do capítulo III do Decreto 199/1997, de 10 de xullo. Os traballos se realizaron o abeiro do proxecto de intervención presentado con data de 24 de abril de 2009 na Consellería de Cultura co código de identificación CD 102A 2009/354-O

O catálogo do inventario de xacementos arqueolóxicos de Galicia conta co seguinte inventario: GA27920001 Castro de Cabo Burela , GA27920002 Castro de Chao de Castro, GA27920003 O Campón

GA27920004 Castro de Castrelo, GA27920005 Vila do Medio.

Con data de de 4 de outubro de 2010, recibíuse escrito da Consellería de Cultura o fin de engadir no catálogo do PXOM o seguinte elemento.

GA27903006 Petroglifo do Cabo Burela.

Como resultado dos traballos de prospección arqueolóxica se identifican os xacementos arqueolóxicos e as áreas de cautela.

No POL se recollen os topónimos de Monte do castelo e do Vilar, tamén indicados no informe da Consellería de Cultura do 11 de outubro de 2012. Non se asocian achádegos arqueolóxicos a estas zonas segundo prospección arqueolóxica extensiva realizada, polo que non se establecen medidas de protección.

No xacemento do Castro de Burela GA01 as zonas de xacemento arqueolóxico se clasifican coma solo rústico especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico e histórico, así coma a zona de xacemento arqueolóxico do Castro do Chao do Castro GA02 en solo rústico. A zona de xacemento situada en solo urbano se rexerá pola correspondente ordenanza.

Supletoriamente será de aplicación o réxime das áreas de protección e os contornos de protección nas áreas de xacemento arqueolóxico e nas áreas de cautela determinadas pola prospección arqueolóxica extensiva.

No xacemento do O Campón GA03 a zonas de xacemento arqueolóxico se clasifica coma solo rústico especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico e histórico,

O xacemento de O Castro de Castelo GA04, soamente temos área de cautela que se integra na correspondente ordenanza urbanística de solo urbano.

Supletoriamente será de aplicación o réxime das áreas de protección e os contornos de protección nas áreas de xacemento arqueolóxico e nas áreas de cautela determinadas pola prospección arqueolóxica extensiva.

Na zona de solo urbano arredor da Igrexa da Vila do Medio se asentaría a Vila Medieval, GA05, se define un contorno de protección para recoller a área de cautela.

No informe da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura de data de 11 de outubro de 2012 soamente se establecen correccións para a ordenación do elemento GA02, Chao do Castro relativos a clasificación e calificación do solo.

No resto dos elementos arqueolóxicos se considera adecuado o réxime de protección establecido no PXOM aprobado inicialmente.

### Corrección

En consecuencia as modificacións non substanciais que se deben introducir son as seguintes

Se elimina o Polígono P04.

Revisión da normativa de protección de patrimonio.

## 42. Cámara Mineira de Galicia

### Informe

ALEGACIONES DA CÁMARA MINEIRA DE GALICIA

SE considera que procede a estimación das alegacións polos seguintes motivos:

Se solicitou informe Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia con data 20 de marzo de 2012 non tendo recibido contestación a ta a data de hoxe (21 de novembro de 2012).

Se revisará o PXOM aprobado inicialmente consonte a Lei 3/2008 de 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Se revisará o análise do PXOM aprobado inicialmente en consideración as potencialidades xeolóxico-mineiras do concello.

Se revisará o análise do PXOM aprobado inicialmente na consideración e se respecten, nos termos esixidos pola da Lei 5/1995, os perímetros de protección de augas minerais existentes no Concello.

Se revisará o análise do PXOM aprobado inicialmente no que atixe a Lei 5/1995 do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de rnanancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

### Corrección

En consecuencia as modificacións non substancias que se deben introducir son as seguintes

Revisar o PXOM aprobado inicialmente consonte a Lei 3/2008

Revisar o PXOM aprobado inicialmente consonte a Lei Lei 5/1995



## **45. Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde. SERGAS**

### Informe

Dada a densidade de instalacións existentes no ámbito hospitalario tanto para plantas de hospitalización como para áreas críticas, será preciso dispoñer dunha altura mínima de edificación de 18 metros á que habería que engadir unha planta a maiores dedicada íntegramente a planta de instalacións cunha altura máxima de 3 m en toda a súa superficie e que en ningún caso poderá computar a efectos de edificabilidade.

Polo que solicitamos se teñan en conta as seguinte alegación, pois a súa inclusión dentro do plan (PXOM) facilitaría actuacións futuras dentro do ámbito de actuación obxecto deste escrito

### Corrección

En consecuencia as modificacións non substanciais que se deben introducir son as seguintes  
Modificación da ordenanza da zona hospitalaria.

